

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO  
celebrada en Vigo o día 21 de xaneiro de 2023 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez e da vicepresidenta Cristina Sanromán Fernández.

Asisten:

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

MOVETE NA MOTO - MNM  
CLUBE SOBRE RODAS - CSR  
VFM  
MORRAZO  
TEAM BERNARDEZ  
SALTAMONTES  
MOTOMONTAÑISMO ARTEIXO  
REBORDELO  
AML

**ESTAMENTO DE TÉCNICOS:**

D<sup>a</sup> SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ  
D. JULIO SOLLEIRO PEREZ

**ESTAMENTO DE XUCES-ÁRBITROS:**

D. JOAQUIN AGRA LORENZO  
D. JOSE CANDA RODRIGUEZ  
D. JULIO RODRIGUEZ HAZ

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. CARLOS CARREIRA ABEL  
D. JOSE MANUEL CONDE LEMA  
D. LUIS MOSQUERA ALVEDRO

Comeza a asemblea en segunda convocatoria sendo as 11:00 horas. Saudase aos presentes e dando as grazas por asistir. Decídese por unanimidade declárala aberta.

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

O secretario informa que a acta leva colgada na web todo ano sen ter recibido ningunha proposta de rectificación. A acta é aprobada por todos os asistentes sen votos contrarios ou abstencións.

Nas primeiras páxinas informase da nova composición da asemblea, comisión delegada, comité xustiza deportiva e organigrama despois de finalizar o proceso electoral.

**2. MEMORIA ANUAL 2022 – PROXECTO DEPORTIVO 2023**

O presidente dá a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2022.

Como todos sabedes, este ano foi ano electoral. En primeiro lugar quero dar as grazas a todos os que me apoiastes para voltar a presentar a miña candidatura.

Se o 2021 foi un ano cheo de incertidumes no que pouco a pouco se foi recuperando a actividade. O ano 2022 foi o ano da volta a normalidade. Como podedes ver nas páxinas seguintes do dossier recuperáronse niveis de actividade tanto en licenzas como en probas que facía anos non tiñamos. Tedes ao detalle as probas celebradas, licenzas de cada clube, clasificacións xerais etc.

Afortunadamente poidéronse celebrar case o 100% das probas calendadas.

Dos Proxectos de Especial Relevancia (PER) asinados coa SXD a través do noso convenio, celebráronse todos, Cto. Mundo Enduro Lalín, CET e CET Clásico Arteixo, CEE Santiago, CEMinivel As Pontes, CESH Forcarei, CEMTR en Lugo (ruta castrexa) e Volta a Galicia.

De este ano quería destacar a volta das probas de supercros. Mais Gas Gondomar Morgadães fixo tres probas valedoras todas para o CGSX nas categorías SX50-65-85. A intención era darlle continuidade no 2023, metendo tamén algunha categoría de maiores, como xa nos fixera ver o presidente Juan Crispín, pero lamentablemente faleceu e a actividade do circuito parece que non vai continuar.

Tamén resaltar a volta dos Quads coa organización dun Quadcross Country en Dumbría, organizado por Terras do Vakner, con moi boa participación e con vontade de continuación no 2023 xa como Campionato Galego.

Coa axuda do motoclube VFM (4) e TMSR (1) e MVR (2) conseguíuse sacar adiante o calendario de Minivelocidade con 7 probas disputadas e cunha participación parecida a dos anos anteriores.

Tamén se celebraron probas da Copa ETG no circuito de As Pontes organizadas por As Pontes MVR e da Cup Dani Rivas por TMSR. VFM continuou organizando tamén o seu trofeo VF.

O CG Trial vai afianzándose ano a ano, no 2022 celebráronse probas en Arteixo e Pobra Brollón organizadas por Motomontañismo Arteixo, en Entrimo (Trial Entrimo) e Vilagarcía (SQeM). Para o 2023 aumenta o calendario, repiten todos e entran varias organizacións mais tanto de CG como sociais.

Ademais voltouse a organizar a Copa Galega de Trial Infantil con proba o sábado anterior ao CGT e con dúas datas mais en Arteixo (MMA) e Carballo (Compostela).

Co CEE Santiago celebrouse o CG os dous días, que xunto coas probas de Salceda e Vilagarcía (mc A Peroxa) conformaron o CGE 2023.

A entrada das probas sociais de Enduro/Hard Enduro e Cross Country no calendario da FGM, organizadas por mc A Peroxa fixo que se celebraran numerosas probas destas especialidades.

Hai que lamentar a ausencia de probas de MX na tempada 2022. Non se produce o relevo organizativo que si se produciu noutras especialidades. No 2023 calendou Motopark Lugo unha proba de MX, esperemos que sirva para relanzar a actividade outra vez como ocorreu noutras disciplinas.

Tamén tiveron moito éxito as probas organizadas polo mc A Peroxa da modalidade de Adventuring. O mesmo clube presenta de novo un calendario parecido para a tempada 2023.

No total organizaronse 78 eventos entre competicións FIM/RFME, Ctos. Galegos, probas sociais, cursos etc. Un ano que se iniciaba coa incertidume post pandemia acabou sendo un dos mellores dos últimos en canto a cifras de licenzas e probas organizadas. Duplicouse a actividade (40 eventos no 2022).

Asinaronse convenios cos clubs organizadores de CG Trial, Enduro, Minivelocidade por importe de 1.300€. As probas de Supercross (3) levaron unha subvención de 900€ cada unha delas. As probas da Copa Infantil de Trial feitas separadas do CGT tamén recibiron axuda de 300€.

Ao mc A Peroxa, pola organización de 13 probas sociais abonouse na súa conta 300€/proba, cun importe total de 3.900€. O resto de organizadores de probas sociais tamén recibiron un abono en conta de 300€ polas probas realizadas.

Ademais, unha vez fechadas as contas, vendo o superavit abonouse un extra de 300€ a todos os organizadores das probas dos CG, supoñendo a axuda final para os CG de 1.600€ por proba.

En todas as probas dos Ctos. Galegos, a FGM fíxose cargo das facturas de cronometraxe. Nas probas do CG Minivel o Comisario Técnico correu a cargo da federación.

As licenzas subiron un 30%. A este incremento axudou a entrada pola FGM dos eventos sociais de varias especialidades. Os clubs tamén se van habituando a calendar xornadas de adestramentos, o que fixo subir moito as licenzas de 1 día para esas xornadas.

Quero recoñecer o esforzo e a valentía dos clubs que calendar probas no 2023. Grazas a eles presentamos un calendario de actividades en case todas as especialidades.

Acabada a intervención do presidente o presidente do motoclub VFM pregunta por qué ao SX non se lle deron os 1.300€ que se lle deron ao resto de organizadores do CG 2022. Explicase que so tiña solicitado categorías infantís, e cando é así axuda é menor, como tamén pasa en Trial ou noutras especialidades.

Na páxina 12 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/12/2022. Novas altas: Endureiros Oroso, Terras do Vakner XC, Outeiro de Rei, Dana Dando Guerra e Motopark Lugo.

Nas páxinas 13-14 relacionanse as actividades dos clubs en 2022, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 15 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 16 presentase estadística detallada de licenzas de cada clube. Cun incremento notable respecto do ano anterior.

Das páxinas 17 á 23 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas, enduro, trial, supercross e velocidade. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobanse as clasificacións dos CG 2022. O secretario informa que os premios vanse entregar esta tarde na gala. As de trial entregáronse en Arteixo coa celebración da primeira proba do CGT 2023.

Nas seguintes follas (24/25) aparece a relación de pilotos con títulos nacionais 2022.

### 3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2022.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2022 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2023 na reunión celebrada o 28 de decembro 2022. Detállase por partidas a comparativa do orzamento co realizado.

Orzamento FGM 2022 – Aprobado 28/12/22 por CD e ratificado en AX 21/01/23

GASTOS	REALIZADO	ORZAMENTO	INGRESOS	REALIZADO	ORZAMENTO
CONCEPTO	2022	2022	CONCEPTO	2022	2022
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>60.080,24 €</b>	<b>58.119,00 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>66.082,95 €</b>	<b>66.750,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	2.541,00 €	Subvencions da SXD a FGM	56.250,00 €	56.250,00 €
Primas de seguros RC	13.182,51 €	9.000,00 €	Subvencion da SXD a PER	7.500,00 €	7.500,00 €
Comunicacións - Telefonía	747,89 €	1.000,00 €	Subvencions da RFME	2.332,95 €	3.000,00 €
Salarios + IRPF	27.025,92 €	27.000,00 €			
Seguros sociais	11.216,28 €	11.000,00 €			
Prevenición e riscos laborais	258,18 €	300,00 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>8.411,00 €</b>	<b>6.500,00 €</b>
Gastos de Asembleas	141,57 €	1.000,00 €	RFME	2.250,00 €	
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	266,16 €	600,00 €	FGM	6.161,00 €	
Servizos Bancarios	1.474,72 €	1.500,00 €			
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €	2.178,00 €			
Material de oficina	230,82 €	1.000,00 €			
Outros Gastos Correntes	817,19 €	1.000,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>128.609,50 €</b>	<b>100.369,00 €</b>
Outros Profesionais Independ.		0,00 €			
			<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>53.202,75 €</b>	<b>37.000,00 €</b>
			Dereitos de probas	30.903,00 €	20.000,00 €
			Seguros de probas	22.299,75 €	17.000,00 €
			<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>103.177,50 €</b>	<b>70.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>284.441,57 €</b>	<b>145.500,00 €</b>	RFME	82.261,50 €	
Subv. FGM clubs organizadores	32.000,00 €	20.000,00 €	FGM	20.916,00 €	
Subv. RFME clubs organizadores	2.900,00 €				
Gastos competicións	11.609,82 €	10.000,00 €			
Cronometraxe probas	11.348,40 €	9.000,00 €			
Subv. FGM/SXD P.E.R.	7.500,00 €	7.500,00 €			
Trofeos e Diplomas CG	1.323,14 €	2.000,00 €			
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	28.467,50 €	24.000,00 €			
Inscripcións	100.161,00 €	69.000,00 €			
Outros gastos competicións Autonom.		4.000,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>9.690,65 €</b>	<b>3.500,00 €</b>
Cursos formación		1.000,00 €	Competicións fondo xestión insc	3.993,00 €	3.000,00 €
			Outros Ingresos		500,00 €
DOTACION AS AMORTIZACIONES	10.498,21 €	12.000,00 €	Aplicación subv Material Crono	5.697,65 €	
LICENZAS FEDERATIVAS	76.383,50 €	65.000,00 €	Exceso provisións		
COTAS AFILIACIÓN CLUBS	2.250,00 €	2.500,00 €			
**indemnización despido	12.000,00 €	12.000,00 €			
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>344.521,81 €</b>	<b>283.119,00 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>369.174,35 €</b>	<b>274.119,00 €</b>

\*\* a título informativo

Levase a votación a aprobación das contas do 2022 cun resultado de 17 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2023, cunha previsión de ingresos e gastos parecidos a tempada que finalizou.

**Orzamento FGM 2023 – Aprobado por CD ó 28/12/22 e ratificado por AX 21/01/23**

<b>GASTOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
CONCEPTO	2023	CONCEPTO	2023
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>61.585,44 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>71.793,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	Subvencions da SXD a FGM	61.293,00 €
Primas de seguros RC	13.182,51 €	Subvencion da SXD a PER	7.500,00 €
Comunicacions - Telefonía	747,89 €	Subencions da RFME	3.000,00 €
Salarios + IRPF	28.200,00 €		
Seguros sociais	11.216,28 €		
Prevenición e riscos laborais	258,18 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>8.250,00 €</b>
Gastos de Asembleas	141,57 €	RFME	2.250,00 €
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	266,16 €	FGM	6.000,00 €
Servizos Bancarios	1.474,72 €		
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €		
Material de oficina	230,82 €		
Outros Gastos Correntes	1.148,31 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>120.000,00 €</b>
Outros Profesionais Independ.			
		<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>50.000,00 €</b>
		Dereitos de probas	30.000,00 €
		Seguros de probas	20.000,00 €
		<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>100.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>298.148,21 €</b>	RFME	80.000,00 €
Subv. FGM clubs organizadores	32.000,00 €	FGM	20.000,00 €
Subv. RFME clubs organizadores	2.900,00 €		
Gastos competicións	9.000,00 €		
Cronometraxe probas	12.000,00 €		
Subv. FGM/SXD P.E.R.	7.500,00 €		
Trofeos e Diplomas CG	2.000,00 €		
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	30.000,00 €		
Inscricions	115.000,00 €		
Outros gastos competicións Autonom.		<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>9.690,65 €</b>
Cursos formación		Competicions fondo xestion insc	3.993,00 €
		Outros Ingresos	
DOTACION AS AMORTIZACIONES	10.498,21 €	Aplicación subv Material Crono	5.697,65 €
LICENZAS FEDERATIVAS	75.000,00 €	Exceso provisións	
COTAS AFILIACIÓN CLUBS	2.250,00 €		
**indemnización despido	8.134,72 €		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>359.733,65 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>359.733,65 €</b>

Procedese a votación do orzamento 2023 por un montante de 359.733,65 € detallado por partidas, con 17 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Debátense as axudas as probas de CG MX e SX, e acordase na medida do posible que as axudas sexan maiores para esta especialidade, partindo da base do ano anterior, 1.300€ para as probas dos CG e dependendo de como se feche o ano poder axudar aos clubs que organicen CGMX-SX para intentar relanzar a actividade desta especialidade.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2023, nas que acordou aplicar a subida do seguro. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza. Sandra Fernández avisa dunha tarifa co prezo do ano anterior, o secretario toma nota para revisar e corrixila.

O presidente informa das reunións dos presidentes autonómicos para negociar unha tarifa única coa compañía de seguros para os accidentes deportivos. Cataluña e Valencia saen do acordo e quedan o resto das federacións, cambiando de Allianz por Zurich.

Saltamontes fala do salto de prezo da licenzas a partir dos 16 anos. Explicase que é pola perda da subvención de xogade a partir de esa idade.

AML pregunta polo prezo da acreditación de Mototurismo rexional. Acordase o prezo de 15€ pola acreditación anual.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 17 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 30 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea. Quedando os dereitos das probas coas mesmas tarifas do ano pasado.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 31 son as mesmas do ano pasado. Despois de debater os asembleístas, acordase que para o ano 2023 aplicase a subida do IPC exceptuando trial que xa se está aplicando para a primeira proba a tarifa do ano pasado. A cota de clube aprobase en 121€. As tarifas de inscrición CG 2023 é aprobada por unanimidade. Acordando subilas todos os anos aplicando o IPC.

Aprobase tamén que en totalas probas dos CG a inscrición sexa feita en zona privada de federado nos prazos e prezos alí publicados. Cando sexan probas cronometradas por transponder, 3€ da inscrición serán facturados en concepto de aluguer para crear un fondo de reposición, novas compras etc. Da inscrición abonada aos clubs tamén se descontará 1€ de xestión para costear a perda por TPV, comisións bancarias etc. Neste punto denégase a solicitude de o mc A Peroxa, na que solicitaba que non se descontase os 3€ dos transponders na súa proba, concordando todos os asembleístas que a norma ten que ser igual para todos os organizadores. Apuntando algún membro que non entende como pode plantear algo así cando a FGM lle está ofrecendo gratis unha cronometraxe profesional (mesmos equipos ca un CE ou CM) que no mercado pode acadar os 2.000/3.000€. Aprobase tamén que en totalas probas dos CG a inscrición sexa feita en zona privada de federado nos prazos e prezos alí publicados.

Neste punto denégase a solicitude de o mc A Peroxa, na que solicitaba que non se descontase os 3€ dos transponders na súa proba, concordando todos os asembleístas que a norma ten que ser igual para todos os organizadores. Apuntando algún membro que non entende como pode pedir algo así cando a FGM lle está ofrecendo gratis unha cronometraxe profesional (mesmos equipos ca un CE ou CM) que no mercado pode acadar os 2.000/3.000€.

## DEREITOS DE INSCRICIÓNS CTOS. GALEGOS 2023

MX/SX/QX	PRAZO	FORA P.	
MX1-SX1-Q1	50 €	60 €	
MX2-SX2-Q2	50 €	60 €	
MX85-SX85	35 €	45 €	
MXSX65 MXSX50	35 €	45 €	
MX+36-SX+36	50 €	60 €	
MX-AFECCIONADOS	50 €	60 €	

EN/CX	PRAZO	FORA P.	
Mesmas categorías co CEE	1D – 63€	73 €	
	2D – 126€	136 €	
INFANTIL	33 €	43 €	

TR	PRAZO	FORA P.	
TR1	35 €	45 €	
TR2	35 €	45 €	
TR3	35 €	45 €	
TR4	35 €	45 €	
TR5	35 €	45 €	
INFANTIL	27 €	37 €	

VEL	PRAZO	FORA P.	
EXTREME	*as que cobre o organizador/circuito		
SUPERSPORT			
MINIMOTARD	51 €	61 €	
CLASICAS	51 €	61 €	
SBK – CRITERIUM	51 €	61 €	
MINIVELOCIDADE INF	31 €	41 €	
MINIMOTOS INF.	25 €	25 €	

## **PRESENTASE O REGULAMENTO DE LICENZAS 2023 PARA APROBACIÓN.**

Aprobado co mesmo texto dos anos anteriores. O secretario informa que desde que a SXD pediu este regulamento fai anos, nunca recibiu notificación algunha. Outras federacións recibiron alegacións, pero nós nada.

## **CALENDARIOS 2023**

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2023.

Nas probas do CEE que se celebran en Galicia, a xornada do domingo (1 día) será puntuable para o CG.

O secretario informa da chegada de dúas peticións a última hora de probas de Motocros: Motopark Lugo e Motopark Cerceda. Aprobase o calendario deixando abertas as peticións de MX-SX e QX ata o 28 de febreiro. Tamén se deixa aberto o calendario do CGV pendente da reunión de organizadores prevista para o 28 de xaneiro.

O mc A Peroxa propón que totalas probas calendadas como CE para o 2023 polo seu clube, sexan tamén puntuables para o CG da especialidade. A proposta é aprobada sempre que acepte que a inscrición é feita nas mesmas condicións co resto de CG, inscrición en zona privada de federado, nos prazos e prezos establecidos.

Debatese a solicitude da federación asturiana de darlle puntuabilidade a proba de Brollón para o cto. Asturiano, e solicitan tamén que unha proba asturiana sexa tamén puntuable para o CGT.

Despois de debatilo aprobase a celebración dunha proba do asturiano en Galicia (Pobra Brollón) e aprobase calendar unha proba do CGT en Asturias (Morcín). Aprobase tamén que será descontado un resultado da clasificación xeral e que a proba asturiana non pode ser a última do CG.

O representante de Terras do Vakner, apunta tamén que está pendente unha solicitude similar por parte da federación asturiana para os Quads. Como calendario de Quads quedou aberto ata finais de febreiro, de chegar esa solicitude será aprobada ou non pola comisión delegada.

O calendario de Mototurismo queda aberto ata o 28 de febreiro pendente da reunión de clubs organizadores.

## **PROPOSTA CAMBIO REGULAMENTOS 2023:**

**Trial:** Aprobase crear a categoría TR5 para maiores, agora era unha categoría limitada ata os 14 anos. Aprobase facer dous podios TR5. Aprobase tamén as dúas categorías de clásicas A e B con regulamentación técnica da Copa de España de Trial Clásicas.

Debatese a solicitude da federación asturiana de darlle puntuabilidade a proba de Brollón para o cto. Asturiano, e solicitan tamén que unha proba asturiana sexa tamén puntuable para o CGT.

Despois de debatelo aprobase a celebración dunha proba do asturiano en Galicia (Pobra Brollón) e aprobase calendar unha proba do CGT en Asturias (La Foz de Morcín). Aprobase tamén que será descontado un resultado da clasificación xeral e que a proba asturiana non pode ser a última do CG.

### **Mototurismo.**

Toma a palabra Carlos Carreira para explicar o regulamento da Copa Galega de Mototurismo. Aprobase a creación da CGMTR co regulamento e calendario pendente de fechar polos organizadores en reunión posterior, sempre co VB da comisión delegada. Propón AML que os pilotos podan inscribirse independentemente na Copa de España e na Copa Galega, podendo puntuar nas dúas copas, só puntuando na que estea inscrito e pagado de forma independente. Inclusive para licenzas homologadas doutras comunidades.



Lévase a votación a proposta de AML, deixando claro que é só para MOTOTURISMO, que non afecta ao resto das especialidades. Apróbase a proposta, os que estean inscritos nas dúas copas puntuarán en ambas sempre que teñan feitas as dúas inscricións.

### **Velocidade.**

O secretario relata as propostas de categorías chegadas por parte dos clubs solicitantes, MVR, TMSR, AML, VFM e REBORDELO.

Pide a palabra o representante de VFM, Daniel Vázquez Búa, para dicir que non lle parece normal que se veña a desfacer o traballo feito nos últimos anos, con novas propostas de categorías que xa se fixeron en anos pasados como as clásicas e que non funcionaron. Abandona a sala despois de dicir isto, sen atender a petición de algún asembleísta para que quede e debata a súa postura.

Intervén Sandra Fernández para comentar que no caso de aprobar a regulamentación técnica do nacional para as categorías do CG de Minivelocidade. Advirte que hai cousas que aquí non se poden implantar como pesado e lastre de motos, precintados de motores, compra de neumáticos a un distribuidor único. Establecese un debate para establecer o que se pode verificar e aplicar en Galicia.

Despois dun debate intenso non se chega a un acordo de categorías a convocar e regulamento a aplicar e emprazase aos solicitantes de probas CGV 2023 a tratalo nunha reunión entre eles para a próxima semana.

### **Lectura escrito enviado por As Pontes MVR en referencia a anomalías/incompatibilidades no CGV.**

Por indicación do presidente o secretario da lectura a un escrito chegado á FGM enviado por As Pontes MVR.

Demanda que a inscrición do CGV sexa exclusivamente por zona privada na web, non directamente co organizador.

Pide diferenciar o CGV dos trofeos sociais. Non facelos conxuntamente.

Di non entender como un club (VFM) pode ser organizador e cronometrador ao mesmo tempo. E pide que se den alternativas de cronometraxe sen ser VF Timing.

Di non entender a regulamentación aplicada nos CG organizados por VFM, non sabendo onde acaba o trofeo VF e onde comeza o CGV. chegando a descualificar a pilotos basándose no seu regulamento.

Denuncia que na cartelería dos CGV prevalece a imaxe o Trofeo VF en detrimento do CG.

Toma a palabra Sandra Fernández para defenderse de esas acusacións, e non entende como se pode dubidar da imparcialidade do cronometraxe e da aplicación dos regulamentos. Lembrando que non ten recibido queixa nin reclamacións ao seu traballo nos quince anos que leva exercendo de cronometradora.

Interven o presidente para comentar que ten recibido mais queixas nese sentido.

### **ROGOS e PREGUNTAS.**

Establecese un debate sobre a posibilidade de contar cun segundo equipo de cronometraxe agora que se teñen mais de douscentos transponders para poder liberar datas. Informa o secretario dunha chamada desde Asturias ofrecendo servizos de cronometraxe. A proposta queda pendente de estudarse.

Sen mais asuntos que tratar.

Dáse por concluída a asemblea as 14:28 do 21 de xaneiro de 2023.

Vº Bº. Ppresidente FGM  
José Canda Rodríguez

Asdo. Secretario Xeral  
Mário Riveiro

